

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no sentido de respectar os prazos legais e achegar información eficaz e comprensible e recomendación de proceder a unha nova avaliación do expediente.

Expedientes: L.4.Q/14616/22

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, comparece solicitando a nosa intervención don XXX, en nome propio e representando á comunidade de propietarios da rúa XXX.

#### ANTECEDENTES

*No seu escrito, esencialmente, indícanos que solicitaron unha subvención diante do IGVS que lles foi denegada por presentala fora de prazo pero non están de acordo porque presentárona un día que estaba dentro do prazo publicado*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu. No informe remitido polo IGVS indícase, esencialmente, o seguinte:

- *Que as axudas foron convocadas ao abeiro da Resolución do 4 de novembro de 2020 pola que se convoca o Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes, con carácter plurianual (código de procedemento V1406C) e do Real Decreto 737/2020, do 4 de agosto, polo que se regula o programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes, e regulase a concesión directa das axudas deste programa ás comunidades autónomas, e cidades de Ceuta e Melilla*
- *Que a solicitude de subvención do programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes, con carácter plurianual, foi presentada o día 2 de agosto de 2021*
- *Que ordinal segundo da Resolución do 4 de novembro de 2020 establece que as*

*subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras contidas no Real decreto 737/2020, do 4 de agosto. No artigo 4 do dito real decreto fíxase que o programa de axudas estará en vigor ata o 31 de xullo de 2021.*

- *Que o ordinal sétimo da citada Resolución do 4 de novembro de 2020 establece que "As axudas previstas nesta convocatoria poderanse solicitar desde o día 2 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2021, salvo que, con anterioridade, se esgotase o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no DOG e na páxina web do IGVS mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS."*
- *Que seguindo o criterio do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAS), órgano dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e competente para realizar a coordinación e o seguimento do programa, aínda que a súa solicitude se admitiu na sede electrónica da Xunta de Galicia, non pode admitirse a trámite dado que existe unha data certa sinalada para a terminación da vixencia do programa, o 31 de xullo de 2021*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. A queixa trae causa da non admisión dunha subvención para rehabilitación enerxética presentada polo interesado en nome dunha comunidade de propietarios. Dita subvención convocouse por esa consellería por medio da xa citada Resolución do 4 de novembro de 2020 e ao abeiro do recollido no Real Decreto 737/2020, do 4 de agosto.

SEGUNDO. O artigo 3 do Real Decreto 737/2020, do 4 de agosto, polo que se regula o programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes e régúlase a concesión directa das axudas deste programa ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla dispón que estas axudas concederáanse "(..) de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. En defecto do previsto nesta normativa aplicaranse as normas de Dereito Administrativo (..)"

No seu artigo 4 indícase que: "Este programa de axudas estará en vigor desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial do Estado» ata o 31 de xullo de 2021."

Pola súa banda, o artigo 17.1 do citado RD dispón que: *“As solicitudes de axuda poderán cursarse conforme ao que se indique nas respectivas convocatorias que efectúen as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ou, no seu caso, para os investimentos directos que estas puidesen levar a cabo, segundo o establecido neste real decreto (..)”* mentres o artigo 18.1 sinala: *“O órgano competente para ordenar e instruír os procedementos de concesión de axudas será o que determinen as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla nas súas respectivas convocatorias. Corresponderá ao órgano instructor a comprobación de que as solicitudes cumpren debidamente os requisitos esixidos (..)”*.

TERCEIRO. O punto 2 da Resolución do 4 de novembro de 2020 dispón o seguinte:

*“1. As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras deste programa contidas no Real decreto 737/2020, do 4 de agosto , polo que se regula o Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes e régúlase a concesión directa das axudas deste programa ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, publicado no Boletín Oficial del Estado núm. 212, do 6 de agosto .*

*2. En todo o non recollido nas bases reguladoras e nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeneral de subvencións; no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo ; na Lei 9/2007, do 13 de xuño , de subvencións de Galicia; no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro , e na Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas.”*

O punto 7 da mesma Resolución sinala que: *“As axudas previstas nesta convocatoria poderanse solicitar desde o día 2 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2021, salvo que, con anterioridade, esgotásese o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no DOG e na páxina web do IGVS mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS”* mentres o punto 8 lembraba a obrigatorioidade de presentar as solicitudes por medios electrónicos.

CUARTO . O día 31 de xullo, data que figuraba como límite para a presentación de solicitudes na Resolución de 4 de novembro, era sábado. O interesado presentou a solicitude por medios telemáticos o día 2 de agosto, luns. A súa solicitude foi admitida pola web da consellería. O interesado achega “captura de pantalla” do enlace da propia Xunta de Galicia [thaps://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=V14106C](https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=V14106C)) no que figura a lenda: **CONVOCATORIA 2021. Plazo cerrado: 02/01/2021 — 02/08/2021**

O dereito á información é un Dereito Fundamental para a defensa dos dereitos da cidadanía e o dereito da cidadanía a unha Administración eficaz depende, na maioría dos casos, da adaptación dos medios materiais e humanos ás obrigacións derivadas da Lei. Partindo pois destas premisas, para aplicar a normativa que necesariamente obriga á cidadanía, a información que dende a Administración se facilite para poder cumprir a mesma, ten que ser comprensible e de acceso fácil, de maneira que o principio de accesibilidade o sexa para todos. Non se trata con cumprir formalmente con informar, senón, que a información cumpra coa finalidade perseguida e, evidentemente, coa eficacia, sendo este o elemento crave a ter en conta por calquera Administración. A seguridade xurídica para a cidadanía depende, en todo caso, dunha resposta concreta, eficaz e áxil de calquera Administración, o que poderíamos resumir como unha “ información útil”.

QUINTO. O artigo 30.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que *“Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte”*

O artigo 31.2.b) da mesma norma indica, en relación aos prazos nos rexistros electrónicos, que:

*“Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.*

*Os documentos consideraranse presentados pola orde de hora efectiva no que o foron no día inhábil. Os documentos presentados no día inhábil se reputarán anteriores, segundo o mesmo orde, aos que o fosen o primeiro día hábil posterior”*

Por outra parte, o artigo 32.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia dispón que: *“O computo de prazos no Rexistro Electrónico Xeneral rexerese polo establecido no artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”*

Alega a administración no rexeitamento da solicitude que *“a data de remate do programa era o 31 de xullo”*. Porén, cómpre lembrar por unha banda que o propio Real Decreto outorgaba ás CCAA a posibilidade de sinalar os prazos para a presentación de solicitudes e que, dentro da súa capacidade organizativa, os prazos para as axudas convocadas por esa Consellería (de 2 de xaneiro a 31 de xullo) non coinciden coa duración do programa (de 7 de agosto de 2020 ata o 31 de xullo de 2021). Finalmente, o interesado non discute a data de

finalización do programa senón o feito de que, a efectos de tramitación administrativa, o luns 2 de agosto estaba habilitado.

SEXTO. O artigo 2 da Resolución do 4 de decembro de 2020, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2021 dispón que:

*“Son días inhábiles:*

*a) En todo o territorio nacional: os sábados, os domingos e os días declarados como festas de ámbito nacional non sustituíbles, ou sobre as que a totalidade das Comunidades Autónomas non exerceron a facultade de substitución.*

*b) No ámbito territorial das Comunidades Autónomas: aqueles días determinados por cada Comunidade Autónoma como festivos.*

*c) Nos ámbitos territoriais das Entidades que integran a Administración Local: os días que establezan as respectivas Comunidades Autónomas nos seus correspondentes calendarios de días inhábiles.”*

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

***No que atinxe aos prazos das solicitudes as administracións débense ao disposto na lexislación administrativa vixente, agás disposición específica na normativa sectorial ou nas bases da convocatoria***

***A información que se inclúa nas convocatorias de axudas públicas debe ser accesible, concreta, eficaz e veraz.***

E da seguinte **recomendación:**

***En atención ao exposto con anterioridade, avaliar a revisión do presente expediente aceptando a solicitude presentada***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo